

CUADERNO DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE

2ºESO, CURSO 2025/26

Á hora de avaliar estas actividades poñerase especial interese en aspectos como: a presentación, os contidos, ortografía e a caligrafía o mellor coidadas, claridade nos razoamentos e exposición de ideas.

1. Para preparar estas cuestións pregúntalle ao teu profesor/a ou a calquera profesor/a do Departamento de Xeografía e Historia.
2. **O caderno debe entregarse ao profesor/a que te imparte clase no actual curso o xoves 9 de abril.**

Nome e apelidos:

Curso:

A IDADE MODERNA

QUE É A IDADE MODERNA

A Idade Moderna foi unha época que se **iniciou a finais do século XV** e **culminou a finais do século XVIII**. A Idade Moderna comprende entre os séculos XV (toma de Constantinopla polos turcos en 1453, ou descubrimento América 1492), e XVIII (Revolución Francesa 1789).

ETAPAS DA IDADE MODERNA

A Idade Moderna pode subdividirse á súa vez en tres etapas:

- s. XV e XVI: renacemento e humanismo



- s. XVII: barroco, absolutismo



- s. XVIII: Ilustración e comenzo da



industrialización

ACTIVIDADES

1. Que séculos comprende a Idade Moderna? Que acontecementos históricos marcan o seu inicio e fin?

2. En que etapas estruturase a Idade Moderna?

QUÉ MOTIVOU O CAMBIO DA IDADE MEDIA Á MODERNA?

Desde 1450, Europa iniciou unha fase de crecemento económico, de enriquecemento da burguesía e de fortalecemento das monarquías (**monarquías autoritarias**) e prodúcese a ruptura da unidade do catolicismo.

Cambios económicos.

- Revitalízase o comercio terrestre.
- Melloras na agricultura.
- Auxe do comercio e impulso das rutas comerciais marítimas.
- Mellora dos sistemas financeiros.
- Desenvólvese unha burguesía capitalista

Cambios no sistema de goberno

- Desaparece a monarquía feudal e establécese unha **monarquía autoritaria**.
- Establécese o Estado Moderno.

Cambios culturais

- Expándese unha reforma relixiosa.
- Establecese o **Humanismo**, finalizando co teocentrismo (deus o centro do mundo) propio da Idade Media.
- Avances técnicos e científicos.

A SOCIEDADE

A sociedade sigue sendo **estamental**, a poboación estaba dividida en **estamentos privilexiados e non privilexiados**, que eran a inmensa maioría da poboación.

No **estamento privilexiado** o rei aumentou o seu poder. No **estamento non privilexiado** a **burguesía** alcanzou gran protagonismo e poder enriquecida pola actividade económica.

ACTIVIDADES

3. Indica os cambios que experimentaron os diferentes grupos sociais.

4. Que aspectos da sociedade permaneceron igual que na Idade Media? Cales cambiaron?

A MONARQUÍA AUTORITARIA: ORIXE DO ESTADO MODERNO

Durante o século XV os reis logran impoñer o seu poder á nobreza, establecéndose un novo modelo de monarquía, a **monarquía autoritaria**. En consecuencia, crease o **Estado moderno**. As monarquías autoritarias caracterizáronse por:

- Ter un **exército permanente**, integrado por soldados profesionais que estaban ao servizo do Estado.
- Crearon e financiaron un **aparello burocrático** de funcionarios que actuaban ao seu servizo. Estableceron unha Facenda Real eficiente que lles aseguraba a cobranza de impostos e unha **diplomacia**, institución formada por embaixadores que representaban os intereses da monarquía nas cortes estranxeiras

ACTIVIDADES

5.Traballando con textos históricos. Le o texto e contesta as preguntas:

“As **monarquías autoritarias** implantáronse especialmente en Inglaterra, onde os reis da dinastía Tudor, como Enrique VII, dominaron á nobreza; en Francia, onde os Valois, como Luis XI, acabaron coa influencia dos duques de Aquitania, Bretaña e Borgoña; e na monarquía hispánica, onde Fernando de Aragón e Isabel de Castela, tras a unión das dúas coroas, unificaron os territorios peninsulares excepto Portugal e controlaron os poderes do Estado.”

a) Que diferenza a unha monarquía feudal dunha monarquía autoritaria?

b) Que monarcas impuxeron a monarquía autoritaria en Inglaterra, Francia e no reino de Castela e Aragón respectivamente?

c) Como impuxeron os monarcas citados a monarquía autoritaria?

O REINADO DOS REIS CATÓLICOS

OS REINOS DA PENÍNSULA IBÉRICA NO S. XV



A mediados do **século XV** a Península Ibérica estaba dividida en cinco Estados, de desigual extensión e poder. A **Coroa de Castela**, a **Coroa de Aragón**, o **reino de Navarra**, o **reino de Portugal** e o **reino nazarí de Granada**.



A UNIÓN DINÁSTICA

Isabel de Castela e **Fernando de Aragón** eran herdeiros da Coroa de Castela e a de Aragón respectivamente. A **unión de ambos foi dinástica non territorial**, porque **non supuxo a fusión dos territorios nun único reino**. Castela e Aragón, mantiveron as súas fronteiras, as súas propias Cortes, leis, institucións, sistema fiscal, costumes, lingua e incluso moedas distintas.

O reinado dos Reis Católicos foi un exemplo de **monarquía autoritaria**.

INSTITUCIÓNS QUE FORTALECEN A AUTORIDADE REAL

Os Reis Católicos estableceron unha serie de institucións que afianzaron o súa autoridade.

Entre outros un **exército permanente e profesional** e un corpo de **embaixadores**.

CONSELLO DE CASTELA

Formado por xuristas escollidos e pagados polo rei.

CONTADORÍA REAL

Encargada de mellorar a recadación dos impostos reais.

REAL AUDIENCIA OU CHANCELERÍA

Tramitan os preitos e imparten xustiza en nome dos reis. Creáronse en Granada, Valladolid e Cidade Real.

CORRIXIDORES

Funcionarios reais que controlan os municipios.

SANTA IRMANDADE

Corpo armado para perseguir malfeitores e garantir a orde.

ACTIVIDADES

6. Responde ás seguintes preguntas sobre o mapa:

a) Cita o nome dos 5 reinos que existían na península ibérica a principios do século XV

b) Cal era a situación dos reinos peninsulares antes do reinado dos Reis Católicos?



7. Responde ás seguintes preguntas:

a) Cales foron as medidas tomadas polos Reis Católicos que lles permitiron reforzar o poder real e implantar unha monarquía autoritaria?

b) Fai un esquema destas medidas e que obxectivo perseguía cada unha delas.



- CONSELLO DE CASTELA
- CONTADORÍA REAL
- REAL AUDIENCIA OU CHANCELARÍA
- CORRIXIDORES
- SANTA IRMANDADE

POLÍTICA DE EXPANSIÓN TERRITORIAL

Unha das prioridades dos Reis Católicos era lograr a **unión** baixo a súa coroa de **tódolos reinos peninsulares**.

Na segunda metade do século XV só quedaba un reino musulmán na Península: o **reino nazarí de Granada**, este reino foi conquistado en **1492**.


Tamén anexionáronse o **reino de Navarra** (1515), que quedou incorporado ao reino de Castela.

Co **reino de Portugal** seguiu-se unha política de enlaces matrimoniais.

A EXPANSIÓN EXTERIOR

Na súa expansión exterior, a **Coroa de Aragón** mantivo a súa **vocación mediterránea**, ocupando territorios no **sur de Francia**, o norte de Italia e **Nápoles**.

A Coroa de **Castela** desenvolveu unha **política atlántica**, cara ao **norte de África** (Melilla, Orán e Bugía) e as **illas Canarias**. O papel das Canarias foi clave para a expansión atlántica de Castela na ruta cara a **América**.



A POLÍTICA MATRIMONIAL DOS REIS CATÓLICOS

Co fin de afianzar unha posición de predominio en Europa, os Reis Católicos utilizaron **os enlaces matrimoniais** dos seus fillos.

ACTIVIDADES

8. Traballando con textos históricos. Le o texto e contesta as preguntas:

“O **rei Fernando** e a **raíña Isabel**, vista a carta e a embaixada do **rei Boabdil**, decidiron ir tomar a **Alhambra**; e partiron do campamento real de Santa Fe o luns, 2 de xaneiro, (...). E chegando preto da Alhambra, saíu o rei Boabdil, (...) coas chaves nas mans, montado a cabalo (...) dixo: - Toma, señor, as chaves da túa cidade; que eu e os que estamos dentro somos teus.”

Andrés Bernáldez, *Crónica dos Reis Católicos*, finais do século XV e principios do XVI
(adaptado).

- En que ano se produce o feito que narra o texto?
- Que supón a entrega das chaves?
- Quen foi Boabdil?

9. Traballando cos mapas temáticos. Responde ás seguintes preguntas sobre o mapa:

En que direccións se orientou a política exterior dos Reis Católicos?

Que territorios conquistaron cada unha das Coroas?



10. Completa os ocos das seguintes oracións:

O reinado dos Reis Católicos foi frecuentemente considerado como o punto de partida na Península Ibérica da _____. En efecto, a _____ impúxose finalmente á nobreza.

A **unión dinástica** dos Reis Católicos iniciouse co matrimonio de _____ de Castela e _____ de Aragón, uníronse os reinos de Castela e Aragón, pero cada reino conservou a súas _____ e _____.

Na segunda metade do século XV só quedaba un reino musulmán na Península: o _____. Tras unha longa guerra (1482-1492), este reino foi conquistado en _____.

A UNIDADE RELIXIOSA

Durante a Idade Media, na península conviviron tres credos relixiosos: o **católico**, o **musulmán** e o **xudeu**. A relación entre eles atravesou momentos de tolerancia ou convivencia pacífica e outros de tensións e conflitos.

A **unidade relixiosa** foi un dos grandes obxectivos do reinado dos Reis Católicos. Para lograla crearon o **Tribunal da Inquisición** en 1478, un **tribunal eclesiástico** que tiña como misión vixiar, perseguir e xulgar aos que atentaban contra a fe e a moral católica.

Tras a conquista do **reino nazarí de Granada**, a unidade relixiosa dos reinos hispánicos converteuse nunha obsesión para os reis.

En **1492**, os **xudeus** foron obrigados a converterse ao cristianismo ou a abandonar o reino. Chamouse **conversos** aos **novos cristiáns**. Estes xudeus que saen da Península e os seus descendentes denomínanse **sefardies**.

ACTIVIDADES

11. Traballando con textos históricos. Le o texto e contesta as preguntas:

“Porque **Nos fomos informados** que nestes **os nosos reinos** había algúns malos cristiáns que **xudaizaban** e apostataban da nosa fe católica, do cal era moita culpa a comunicación dos **xudeus cos cristiáns**, nas **Cortes de Toledo de 1480 mandamos apartar aos xudeus** [...] **dándolles xuderías** e lugares apartados onde vivisen xuntos no seu pecado [...].

Polo tanto, **Nos**, co consello e parecer dalgúns prelados, grandes nobres e cabaleiros, e doutras persoas de ciencia e de conciencia [...], acordamos **mandar que ata o fin do mes de xullo que vén saian todos os devanditos xudeus e xudías dos nosos reinos** cos seus fillos, de calquera idade que sexan, e que non ousen tornar [...] baixo pena de morte. E mandamos que ninguén dos nosos reinos sexa ousado de recibir, acoller ou defender pública ou secretamente a xudeu nin xudía pasado o termo de xullo [...] so pena de confiscación de todos os seus bens.”

Decreto dos Reis Católicos expulsando aos xudeus de Aragón e Castela

a) Quen aproba a expulsión dos xudeus? En que ano se toma esta medida?


b) Cales foron os motivos polos cales os Reis Católicos deciden expulsar aos xudeus?

OS DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

O MUNDO QUE COÑECÍAN OS EUROPEOS NO SÉCULO XV

A **comezos do século XV** o mundo que coñecían os europeos limitábase a **Europa** e os territorios que rodeaban o Mediterráneo e o Mar Negro. Tamén sabían da existencia da India, China e Xapón polas viaxes dalgúns viaxeiros medievais como Marco Polo.

Durante este século vanse a producir novos descubrimentos xeográficos grazas os avances tecnolóxicos, que mellorou a navegación e a necesidade de buscar novas rutas comerciais debido á expansión dos turcos no Mediterráneo Oriental. O que fixo que **portugueses e casteláns exploraran o Atlántico** coa intención de **poder chegar ata o Sueste asiático**. Os primeiros en facelo foron os portugueses.



AS EXPEDICIÓNS PORTUGUESAS

O **reino de Portugal** foi o primeiro en abrir un novo roteiro cara a Oriente. A principios do século XV navegando cara ao Oeste descubriron a **illa de Madeira** (1418) e as **illas**

Azores (1431) e **bordearon** cara ao sur a **costa africana ata o golfo de Guinea** (1460). **Bartolomeu Dias** chegou ata o **cabo de Boa Esperanza** (1487).



A expedición de **Vasco de Gama** alcanzou a **costa da India en 1498** e abriu o camiño ás illas das Especias.

Desta forma creouse un novo roteiro entre Europa e Asia que non tiña que pasar polos territorios dominados polos turcos.

ACTIVIDADES

12. Que zonas do mundo coñecían os europeos ao final da Idade Media?

13. Por que motivo os europeos necesitaban atopar novos roteiros por mar para chegar a Oriente?

14. Traballando cos mapas temáticos. Responde á seguinte pregunta sobre o mapa:

- Que roteiro cara a Oriente utilizaron os portugueses



AS EXPEDICIÓNS DO REINO DE CASTELA


A finais do século XV, o **Reino de Castela** tamén iniciou a procura de novos roteiros.

Isabel a Católica accedeu a financiar o proxecto do navegante **Cristovo Colón** para chegar ás Indias, como chamaban a Oriente. Para iso, asinaron as **Capitulacións de Santa Fé**.


As viaxes de Colón

A primeira viaxe

Colón partiu do porto de Palos de Moguer (Huelva) o 3 de agosto de 1492 cunha nave, a Santa María, e dúas carabelas, A Pinta e A Niña e chegan as illas do Caribe (centroamérica) o **12 de outubro de 1492** e a principios de 1493 regresaron a España.



Despois daquela primeira viaxe, **Colón fixo outros tres máis** para explorar e dominar aqueles territorios, **percorrendo todo o Caribe e parte de centroamérica e costa de Venezuela**.




Colón morreu en Valladolid, en 1506, pensando que chegara ao continente asiático (India), pero en realidade descubrira un novo continente, América.

O nome de **América débese a Américo Vespucio**, un xeógrafo que a principios do **século XVI** establece que o territorio descuberto por Colón trátase dun novo continente.

O Tratado de Tordesillas

A rivalidade entre portugueses e casteláns nas súas expedicións atlánticas culminaron no **Tratado de Tordesillas (1494)**. Neste tratado trazouse unha liña imaxinaria no medio do océano Atlántico e reparten: todo o que estea ao oeste da liña queda para Castela (case toda América), e todo o que estea ao leste desa liña sería para Portugal (a liña cruzará parte do actual Brasil, que cae na zona portuguesa).



ACTIVIDADES

15. Que pretendía Cristóbal Colón coa súa expedición?

16. En que data partiu Colón coa súa expedición e desde onde?

17. Cantos viaxes realizou en total Colón? Soubo que descubrira un novo continente?

18. Por que se bautizou ao novo continente como América?


A PRIMEIRA VOLTA AO MUNDO

En **1519** saíu de Sanlúcar de Barrameda (Sevilla), unha **expedición** comandada por **Magallanes** e o seu contraestre Sebastián Elcano.

O seu obxectivo era atopar o paso entre os océanos Atlántico e Pacífico e **conseguir dar a volta ao mundo**.

En 1520 atravesan o Atlántico e cruzan o **estreito** que hoxe leva o seu nome de **Magalláns** (sur de América) e chegan as illas do Pacífico. Alí morrerá. Continuará a viaxe

Sebastián Elcano, que finalmente chega de volta a España, realizándose así a **primeira volta ao mundo** e demostrando que a Terra era redonda.




ACTIVIDADES

19. Que océano se descubriu ao inicio do século XVI?

20. Cal era o obxectivo da expedición de Fernando de Magallanes? Consequiron o seu obxectivo?

21. Que demostraron con isto?



AS CULTURAS PRECOLOMBINAS

O continente americano xa estaba poboado cando Colón e os seus homes chegaron ao Novo Mundo. Existía nese continente unha gran variedade de culturas ás que se coñece como **precolombinas** (antes da chegada de Colón). As máis importantes foron a cultura **maia**, **inca** e **azteca**.



ACTIVIDADES

22. Que territorios ocupaban as **tres culturas precolombinas** máis importantes:

23. Responde ás seguintes preguntas:

a) Que se entende por civilizacións precolombinas?

b) Que características comúns tiñan as culturas precolombinas?

24.Traballando cos mapas. Responde á seguinte pregunta sobre os mapas:

A que países actuais corresponden as tres grandes civilizacións precolombinas?



HUMANISMO E RENACEMENTO

O Renacemento foi o movemento cultural que se iniciou xusto ao principio da Idade Moderna en Italia e desenvolveuse entre os séculos XIV e XVI, estendéndose polo resto de Europa no século XVI, retornando aos ideais de harmonía e equilibrio do mundo clásico. O auxe do comercio nas cidades italianas xerou unha riqueza que permitiu o florecemento das artes e o **mecenado**. Mecenado familias adifeiradas, como a dos **Medici**, que protexían aos artistas, e que promovían, financiaban ou compraban as súas obras.

No Renacemento esténdese o **Humanismo**, unha corrente cultural que restablece o **antropocentrismo** clásico (o home como centro do universo). Entre as súas características destacan:

- **Antropocentrismo.** Fronte ao pensamento teocentrismo medieval (Deus era o centro de todas as cousas) impúxose o **antropocentrismo** da Idade Moderna. O ser humano era a medida e o centro de todas as cousas.
- **Fe na razón.** O ser humano debía coñecer o mundo mediante a razón e a experiencia.
- **Interese no estudo e o coñecemento científico.**
- **Estudo da filosofía e os ideais clásicos de Grecia e Roma.** Retomáronse as teorías estéticas e do pensamento grecorromano.

Entre os humanistas mais importantes destacan:

- ☐ **Erasmus de Róterdam**, foi o gran difusor do Humanismo en Europa.
- ☐ **Tomás Moro** y **Maquiavelo** interesáronse pola organización política da sociedade.
- ☐ **Copérnico** impulsou a **teoría heliocéntrica** que defendía que o Sol era o centro do universo e que a Terra e os demais planetas viraban ao redor del. A Igrexa rexeitou esta teoría.

As ideas do humanismo transmitíronse rapidamente grazas á invención da **imprenta** por parte de **Johannes Gutenberg**. Devandito instrumento fixo máis fácil a reprodución dos textos dos autores clásicos, así como dos humanistas.

Tamén se avanzou no coñecemento do corpo humano (por exemplo, o estudo da circulación sanguínea de **Miguel Servet**), en xeografía, zooloxía, botánica e cartografía.

ACTIVIDADES

25. Responde ás seguintes preguntas:

a) Que foi o Humanismo? Onde xurde o Humanismo?

b) Que é o Antropocentrismo?

c) Quen e cando se inventa a imprenta? Por que foi tan importante a imprenta para dar a coñecer as ideas humanistas?

d) Como foi posible que as ideas humanistas se difundiran por Europa?

e) Cita algúns humanistas e en que campo destacan.



26. Completa as seguintes frases:

- a) _____ desenvolveu a teoría _____, segundo a cal, o Sol era o centro do universo. Esta teoría substituíu á teoría xeocéntrica de _____ que mantiña que _____ era o centro do universo.
- b) O _____ medieval ou concepción de Dios como centro de todas as cousas foi substituído polo _____, visión na que se coloca _____ como centro do mundo.
- c) O Humanismo inspirouse na _____ clásica e tomáronse as obras deste período como referencia e modelo de liberdade e de creación intelectual.
- d) A imprenta foi inventada polo ourive alemán _____ e a primeira obra publicada foi a Biblia de Mazarino. Os libros publicados desde 1448 a 1500 reciben o nome de _____.

O RENACEMENTO

O Renacemento foi un movemento creativo que tomou como referencia a arte grega e romana. Da arte clásica tomou o ideal de beleza e harmonía e engadiulle novas técnicas e formas de expresión. Os elementos arquitectónicos e escultóricos gregos e romanos serven como base para elaborar novas obras, volven aparecer na arquitectura europea frontóns triangulares, columnas... Isto non significa reproducir integramente os edificios gregos e romanos, senón, que significa reinterpretar os elementos nunha nova arquitectura, distinta da clásica. A época de plenitude abarcou os séculos XV e XVI. Adóitase dividir esta corrente en dous períodos:

- **O Quattrocento**, desenvolveuse no **século XV** e tivo como centro artístico Florencia.
- **O Cinquecento**, alcanzou a súa plenitude no **século XVI**. Tivo o seu centro en Roma.

Os artistas tiñan o apoio dos **mecenas** que eran persoas ricas que custeaban os gastos das obras que encargaban e protexían aos seus autores.

A ARQUITECTURA. Recuperou os elementos clásicos como o arco de medio punto, a bóveda de canón e as columnas clásicas. No século XV destaca como arquitecto **Brunelleschi** e no século XVI; **Bramante, Miguel Ángel**

A PINTURA. Os pintores inspiráronse na Antigüidade clásica (Grecia e Roma), coidaban moito as proporcións das figuras e buscábase a beleza perfecta. Os temas seguían sendo relixiosos, pero tamén se pintaron escenas da mitoloxía e retratos. Pintores destacados foron; **Botticelli, Leonardo da Vinci e Rafael.**

A ESCULTURA. Caracterizouse por seguir os modelos da Antigüidade clásica. Prestou gran importancia ás proporcións e aos estudos de anatomía da figura humana que representaban espida. Escultores destacados foron, **Donatello** autor do David e **Miguel Ángel Buonarroti** quen realizou obras como a Piedade, o David e o Moisés.

ACTIVIDADES

30. Define os seguintes conceptos: Renacemento, mecenas.

31. Sinala os dous períodos do Renacemento.

32. Sinala o nome dos principais artistas da época

A MONARQUÍA HISPÁNICA: A DINASTÍA DOS AUSTRIAS SÉCULO XVI (Carlos I e Felipe II)

Durante os séculos XVI e XVII mantívose no trono español a dinastía dos Habsburgo ou dos Austrias. Nesta etapa España formou un amplísimo imperio e converteuse na potencia hexemónica mundial.

1. A “monarquía universal” de Carlos I (1516-1556).


a. A herdanza recibida.

Carlos I era fillo de Felipe O Hermoso, herdeiro de Maximiliano I de Austria e de María de Borgoña, e de Xoana a Tola, a herdeira dos Reis Católicos. A morte do seu pai e a incapacidade da súa nai deixaron nas súas mans unha combinación de reinos e territorios que o converteron no monarca máis poderoso do seu tempo.

Carlos I (1516-1556)

A herdanza reunida por Carlos I. Con Carlos I se entroniza en España a dinastía austriaca dos Habsburgo, converténdose o noso país no eixo da política mundial.





ACTIVIDADE:

33. Con base aos mapas, sinala:

Por herencia dos Reis Católicos, Carlos I recibíu _____

Por herencia do emperador Maximiliano e María de Borgoña _____

O seu legado era un **conxunto heteroxéneo de territorios** que soamente tiñan en común ao seu monarca, e que se achaban dispersos por Europa e fóra dela. **O mantemento do catolicismo e a monarquía universal** serían os elementos de integración destes territorios.

O fracaso do “soño imperial” de Carlos V: política exterior.

- Enfrontamentos con Francia (Francisco I) polo control de territorios en Italia.
- Enfrentamientos co Imperio Turco que foi detido polas tropas de Carlos ás portas de Viena. No Mediterráneo, os turcos dominaban a zona oriental e en alianza cos corsarios berberiscos (norteafricanos) e Francia.
- Cos príncipes alemáns do Imperio que adoptaron a reforma relixiosa como un medio de enfrontarse ao emperador Carlos V no relixioso e no político. O emperador tento negociar con eles en varias reunións ou “Dietas” (Worms, Spira...), pero aínda que os venceu na Batalla de Mülhberg (1547). Carlos recoñeceu na Paz de Augsburgo

(1555) o dereito de cada príncipe para impoñer a súa propia relixión nas súas terras, obrigando con iso aos seus súbditos para aceptala ou emigrar; isto supoñía na práctica o triunfo do protestantismo en case a metade de Alemaña.

En 1556 Carlos I esgotado tras unha vida enteira nos campos de batalla cedeu os títulos de emperador de Alemaña ao seu irmán Fernando e abdicou no seu fillo Felipe o resto do Imperio.

Retirouse ao mosteiro de Yuste (Estremadura) onde morrería en 1558.


ACTIVIDADE

34. Contesta brevemente: cales foron os principais problemas exteriores do emperador Carlos V?

A monarquía hispánica de Felipe II (1556-1598).

Felipe II comezou o seu reinado en 1556. Herdou do seu pai o imperio máis grande da Terra e durante a súa etapa de goberno ampliouno enormemente.

Os grandes obxectivos da súa política interior e exterior foron: a defensa do catolicismo e o mantemento da hexemonía en Europa e ultramar. Concedeu a máxima importancia aos reinos hispánicos. Gobernou desde España, onde instalou a capital da Corte en Madrid (1561).



Felipe II foi o monarca máis poderoso da súa época, sobre todo a partir da unión con Portugal en 1580. Con todo o mantemento deste extenso imperio non estivo exento de conflitos. En Europa houbo de facer fronte:

1. **Á rebelión dos Países Baixos:** en 1566, nos Países Baixos comezou unha rebelión contra Felipe II na que se mesturaban as causas políticas (desexos nacionalistas dos holandeses) e relixiosas (extensión do calvinismo, tamén dentro do protestantismo), actuando ademais a fame e miseria das clases populares como detonante.

Tras a dureza inicial: as provincias católicas do sur permaneceron fieis a Felipe II e os territorios rebeldes pasaron a chamarse Provincias Unidas, e convertéronse nunha das grandes potencias marítimas do momento e un dos principais rivais de España.

2. Unha **crecente hostilidade de Inglaterra** coa raiña anglicana Isabel I que apoiou as revoltas protestantes nos Países Baixos e aos corsarios (piratas) ingleses que atacaban aos barcos españois procedentes de América no Atlántico.

En 1588, Felipe II tentou a invasión de Inglaterra e para iso reuniu unha poderosa frota na Canle da Mancha, pero a mala planificación e as adversidades meteorolóxicas deron ao traste cos nosos barcos, sufrindo graves perdas. Así fracasou a invasión e xurdiu o mito da mal chamada “Armada Invencible”.

3. **No Mediterráneo, esperábanos de novo o imperio turco na Batalla de Lepanto** (1571) con axuda do Papado e Venecia formando a Santa Liga.

ACTIVIDADE

33. Sinala por donde se estendeu o imperio de Felipe II na segunda metade do século XVI?
34. Cales foron os principais problemas exteriores do reinado de Felipe II?
35. Que foi a derrota da Armada Invencible?

AS REFORMAS PROTESTANTES E A CONTRARREFORMA CATÓLICA

Durante o século XVI rompeuse a unidade da Igrexa católica cando un movemento relixioso coñecido como **Reforma** fixo que se producise unha separación da igrexa de Roma.

Martín Lutero expuxo en 1517, as súas 95 teses contra certos aspectos da doutrina católica e da xerarquía eclesiástica. As ideas básicas do luteranismo foron:

- **Salvación pola fe**, sen importar os actos que se realicen.
- **Libre interpretación da Biblia**, cada créente interpreta a Biblia libremente.
- **Sacerdocio universal**.
- **Supresión do culto á Virxe e aos santos**.
- **Rexeitamento ao maxisterio do papado**.



O luteranismo estendeuse con bastante rapidez por Alemaña e foi a orixe doutras igrexas protestantes. Outros reformadores foron **Calvino**, cuxa doutrina está baseada na predestinación, **calvinismo**. **Enrique VIII** separouse da igrexa de Roma e converteu ao rei na máxima autoridade da **igreja anglicana**.

CONTRARREFORMA

A igrexa católica respondeu á crise relixiosa e ao avance do protestantismo. Para iso utilizou un movemento renovador que se chamou **Contrarreforma**. O papa convocou o *Concilio de Trento*, cuxo fin era **organizar a Igrexa e definir o dogma católico fronte ao protestantismo**.

Outras medidas que se tomaron foron:

- **Ratificar o valor das boas obras para a salvación**, o culto á Virxe e a importancia dos sacramentos.
- **Aceptar que a autoridade do Papa**.

A gran difusora das ideas do Concilio tridentino foi a Compañía de Jesús



ACTIVIDADES

27. Responde ás seguintes preguntas sobre a Reforma Protestante:

- a) Quen iniciou a Reforma? Onde, cando e por que comezou? Quen foi Martín Lutero?
- b) En que principios fundaméntase a Reforma Protestante?

28.Traballando cos mapas temáticos. Responde ás seguintes preguntas sobre o mapa:

- a) Que é o calvinismo? Onde influíu o calvinismo?

- b) Quen promove ou crea o anglicanismo? Por que o fixo? Por onde se expande?



- c) Por onde se expandiu o luteranismo?

29. Traballando con textos históricos. Despois de ler o texto responde ás seguintes preguntas:

“Manda o **Santo Concilio** a todos os Bispos, e demais persoas que teñen o cargo e obrigaón de ensinar, que **instrúan con exactitude aos fieis** ante todas cousas, **sobre a intercesión e invocación dos santos, honra das reliquias, e uso lexítimo das imaxes**, segundo o costume da Igrexa Católica e Apostólica, (...) ; ensinándolles que **os santos que reinan xuntamente con Cristo**, rogan a Deus polos homes; que é bo e útil invocalos humildemente, e recorrer ás súas oracións, intercesión e auxilio para alcanzar de Dios os beneficios por Xesucristo o seu fillo, o noso Señor, que é o único redentor e salvador noso...”

Decreto do Concilio de Trento, 1563

a) En que Concilio faise a reforma da Igrexa católica? Entre que anos realizouse?

b) Que dogmas reafirmou o Concilio de Trento? Cales se reflicten no texto?

c) Que papel lle outorga a Igrexa ás imaxes dos santos e da Virxe?

d) Que foi a Contrarreforma? De que instrumentos valeuse para conseguir os seus obxectivos?